

PLAN XERAL DE
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
CURSO 2022/2023

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
IES EDUARDO BLANCO AMOR
OURENSE



Índice

Índice general	1
1. Introducción	3
1.1. Recursos e liñas prioritarias na atención a diversidade no presente curso	3
1.2. Contexto	3
2. Identificación e valoración das necesidades	4
3. Determinación de obxectivos	4
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade	5
4.1. Medidas ordinarias	5
4.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos,...) e da orga- nización da aula	5
4.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e alumnado	5
4.1.3. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de mellora da convivencia	5
4.1.4. Desdobramentos de grupos	6
4.1.5. Reforzo educativo	6
4.1.6. Programas de enriquecemento curricular	6
4.1.7. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	6
4.1.8. Programas de recuperación	6
4.1.9. Programas específicos personalizados	6
4.1.10. Programas de habilidades sociais	6
4.2. Medidas extraordinarias	7
4.2.1. Adaptacións curriculares	7
4.2.2. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe	7
4.3. Flexibilización da duración do período de escolarización	7
4.4. Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento	8
4.4.1. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria	8
4.4.2. Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal	9
4.4.3. Alumnado sometido a medidas de protección e tutela	9
4.4.4. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar	9
4.4.5. Alumnado pertencente a familias itinerantes	9
4.4.6. Atención educativa a mozas embarazadas	10
4.4.7. Grupos de adquisición de linguas	10
4.4.8. Grupos de adquisición da competencia curricular	10
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	11
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	12
6.1. Profesorado titor e equipo docente	12
6.2. Profesorado de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe	12
6.3. Persoa que ostenta a xefatura o departamento de orientación	12
6.4. Equipo directivo	13
6.4.1. Equipo de orientación específico, servizos sociais e sanitarios, e outros profesionais	13
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos	13
7.1. Colaboración interna	13
7.2. Colaboración con centros adscritos e outras etapas educativas	14

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro	14
9. Protocolos para solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias	14
9.1. Adaptación Curricular Significativa	14
9.2. Agrupamentos flexibles	14
9.3. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica/Audición e Linguaxe	15
9.4. Flexibilización da duración do período de escolarización	15
9.5. Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR)	15
9.6. Atención domiciliaria ou hospitalaria	16
9.7. Grupos de adquisición de linguas	16
9.8. Grupos de adaptación da competencia curricular	16
9.9. Exención da segunda lingua estranxeira	16
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan	17

1. Introducción

Para levar a cabo a atención á diversidade no centro contamos coa Orde do 8 de setembro do 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade na nosa comunidade autónoma e que vai a ser fundamental en todo tipo de intervencións.

Entendemos como atención á diversidade ao conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado.

Entendemos por ANEAE aquel alumnado que presenta:

1. NEE.
2. Atraso madurativo.
3. Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
4. Trastornos de atención ou aprendizaxe.
5. Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
6. Por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
7. Por altas capacidades intelectuais.
8. Por incorporación tardía ao sistema educativo.
9. Por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención a este alumnado articularase a partir da elaboración nos centros educativos dun Plan Xeral de Atención á Diversidade, que se incorporará ao proxecto educativo do centro e que será obxecto dunha concreción anual por parte do departamento de orientación.

Así, unha vez identificadas as necesidades do alumnado, será preciso ir adaptando as respostas educativas coa significatividade necesaria, a través de medidas ordinarias ou extraordinarias.

1.1. Recursos e liñas prioritarias na atención a diversidade no presente curso

Como recursos persoais, este curso contamos con dúas mestras de Pedagogía Terapéutica e outra compartida co IES 12 de Outubro, unha mestra especialista en AL e unha coidadora. Concedeuse tamén o reforzo educativo a cargo do programa PROA+ para os cursos da ESO. Contamos con un grupo de PMAR en 2º da ESO. O alumnado exento de francés conta tamén cun reforzo.

1.2. Contexto

O IES Eduardo Blanco Amor é un centro de entorno urbano no que se imparten ensinanzas de secundaria obrigatoria, e bacharelato. No último curso da secundaria impártense os itinerarios de Ensinanzas Académicas e Aplicadas, mentres que no bacharelato impártense os itinerarios de Ciencias Sociais e Humanidades, o Bacharelato Xeral e o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía. No bacharelato, no centro, impleméntanse os programas de STEMBACH e PLURIBACH.

Nos primeiros cursos da secundaria realízanse desdobres en varias materias, así como reforzos en materias instrumentais para o alumnado exento da segunda lingua estranxeira que cursa 1º ou 2º cursos.

En 2º de ESO hai un grupo do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR), constituído por 8 alumnos/as.

Respecto do profesorado, trátase dun claustro moi estable, no que a maioría dos seus membros teñen destino definitivo no centro.

2. Identificación e valoración das necesidades

A identificación de necesidades levarase a cabo da forma mais temperá posible, coa finalidade de proporcionar unha resposta educativa o mais axeitada posible, así como para empregar os recursos persoais e materiais oportunos.

Esta identificación e valoración farase a través de:

1. A avaliación inicial realizada na etapa de secundaria.
2. Nas sesións de avaliación trimestrais.
3. Na avaliación final de curso.
4. Ao longo do curso, no momento en que se detecte algunha necesidade.

A través desta avaliación poderán detectarse os seguinte tipos de necesidades:

1. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Por problemas conductuais, de discapacidade, de acceso ao currículo ou no desenvolvemento.
2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lectoescritura, matemático ou non especificado).
3. Alumnado con TDAH, con predominio inatento, hiperactivo ou combinado.
4. Alumnado con TEA (Trastorno do Espectro Autista).
5. Alumnado con altas capacidades intelectuais.
6. Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, ou con condicións persoais ou de historia escolar.

No curso actual, no centro, atópase escolarizado, en maior ou menor número, alumnado que presenta algunha ou varias das necesidades mencionadas.

3. Determinación de obxectivos

1. Colaborar no proceso de avaliación de necesidades, así como na toma de decisións sobre as medidas de atención á diversidade que se estimen necesarias.
2. Coordinar a implantación da resposta educativa ao alumnado que precise atención específica a través das distintas medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento, adaptacións curriculares, atención domiciliaria, enriquecemento curricular...).
3. Favorecer a integración académica e persoal do alumnado procedente do estranxeiro.
4. Colaborar na implantación e coordinación da labor dos titores (actividades de tutoría, reunións coas familias, actuacións co alumnado...).
5. Fomentar a tolerancia e respecto á diversidade.
6. Potenciar o desenvolvemento de habilidades sociais.

4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade abranguen o conxunto de estratexias de planificación e actuación dirixidas a dar resposta ás necesidades derivadas da diversidade de alumnas e alumnos co fin de posibilitar que todo o alumnado acade, de acordo coas súas posibilidades, as capacidades e competencias propias das distintas etapas educativas.

As medidas de atención á diversidade terán un carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran.

Estas medidas poden clasificarse en ordinarias e extraordinarias.

4.1. Medidas ordinarias

Son medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

4.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos,...) e da organización da aula

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

4.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e alumnado

Cada profesor/a no departamento correspondente, adaptará a programación didáctica e do departamento a cada grupo de alumnos/as, a través dos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, actividades e avaliación.

4.1.3. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de mellora da convivencia

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. **Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.** Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deberá realizar, corrixilas e avalialas. Os pais, nais, ou titores legais deberán ser informados pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

Cando se trate de alumnado considerado obxector pola frecuencia e intensidade das súas condutas disruptivas, se traballará de forma específica con el, co obxectivo de darlle un tratamento personalizado que permita a súa reflexión, madurez e desenvolvemento, en substitución do castigo. Isto se fará a través dun protocolo específico de reflexión e actividades.

Para atender esta aula, a Xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

4.1.4. Desdobramentos de grupos

É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar grupos numerosos e reagrupalos noutros máis reducidos, para prestar unha atención máis individualizada ao alumnado. Realizaranse sobre todo nas áreas instrumentais, isto é, nas materias de linguas e matemáticas, e tamén, no posible, nas linguas estranxeiras.

4.1.5. Reforzo educativo

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

É unha medida temporal que se mantén ata que se adquiren ou dominan as aprendizaxes que se están reforzando. **Este alumnado é avaliado dos mesmos contidos que o grupo-clase.**

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

4.1.6. Programas de enriquecemento curricular

O enriquecemento curricular enténdese, na actualidade, como unha das mellores formas para dar resposta ás necesidades presentadas por todo o alumnado dentro dun marco inclusivo de diferenciación curricular. O enriquecemento, en xeral, busca infundir experiencias e actividades adaptadas ao nivel curricular, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado que afonden no establecido no currículo ordinario, facéndoo, deste xeito, máis atractivo e interesante para o alumnado.

No recente Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais, se propón o Modelo de Enriquecemento Escolar para todo o alumnado (SEM) de Renzulli e Reis, que se centra en desenvolver o talento en todo o alumnado a partir dos seus intereses, proporcionar un amplo rango de experiencias de enriquecemento de nivel avanzado, e proporcionar un seguimento de aprendizaxe avanzada baseado nos seus intereses.

4.1.7. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Están dirixidos a alumnado de 1º e 2º da ESO que veñan presentando algunha dificultade nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas), coa finalidade de proporcionarlles un apoio que lles axude a mellorar no seu dominio destas habilidades. O alumnado que se incorpore a estes reforzos serán **exentos da materia de segunda lingua estranxeira e, no seu lugar, recibirían dito reforzo.**

4.1.8. Programas de recuperación

Dirixido ao alumnado que promocionou de curso con algunha materia suspensa. Cada departamento especificará na súa programación as medidas e sistema de recuperación das materias correspondentes.

4.1.9. Programas específicos personalizados

Están dirixidos ao alumnado repetidor, coa finalidade de axudalos a superar as posibles dificultades que presentaron no curso anterior. Serán elaborados polo departamento responsable da materia correspondente e deberán incluír posibles actividades de recuperación así como a opción de incorporar a ese alumnado a un programa de reforzo nunha materia determinada, en cuxo caso, ese alumnado poderá resultar eximido da realización do programa específico personalizado.

4.1.10. Programas de habilidades sociais

Estes programas desenvolveranse de forma habitual a través das sesións de titoría nos distintos cursos e grupos da secundaria, e de forma máis específica na aula de convivencia, cando haxa alumnado que así o precise.

4.2. Medidas extraordinarias

4.2.1. Adaptacións curriculares

Tal e como se reflicte na Orde do 6 de outubro de 1995, as adaptacións curriculares consisten na modificación dun ou de mais elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna, motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno ou alumna determinados, **unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa**. A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Esta medida precisará da autorización da inspección educativa e se realizará baixo as seguintes condicións:

1. Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.
2. Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non poden seguilo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.
3. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ó alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, se existe, ou do equipo psicopedagóxico de apoio de sector e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno.
4. Terán unha duración mínima dun ciclo educativo, agás no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria no que poderán desenvolverse só nun curso.
5. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

4.2.2. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe

O referente a este profesorado aparece regulado no Decreto 229/2011 e na Orde do 24 de xullo de 1998. Para que o alumnado reciba este apoio será precisa unha avaliación psicopedagóxica que determine a necesidade desta medida. Este profesorado desenvolverá as súas funcións co alumnado de 1º e 2º da ESO, a través de medidas propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor/a do grupo correspondente, coa coordinación da xefatura de estudos e a autorización da dirección do centro, unha vez oídos os pais.

Este profesorado participará tamén na avaliación inicial do alumnado e, se é preciso, nas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEAE; colaborará na elaboración, seguimento e avaliación das AC, así como das medidas de reforzo e, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade; e prestará atención docente directa ao alumnado con NEAE, sendo a súa cualificación responsabilidade directa do profesorado da materia.

4.3. Flexibilización da duración do período de escolarización

A escolarización en educación secundaria obrigatoria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente. En ningún caso se poderá permanecer en educación secundaria obrigatoria máis alá do ano natural en que se cumpran os dezanove anos, agás en unidades ou centros de educación especial, que se poderá prolongar ata o ano natural en que se cumpran os vinte e un de idade.

A escolarización do alumnado a tempo completo nunha unidade de educación especial poderá prolongarse un cuarto ano en educación secundaria obrigatoria, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e respectando o límite de 21 anos cumpridos no ano natural en que remata o curso escolar.

Cando a flexibilización se refira á aceleración para alumnado con sobredotación intelectual, será preciso ter en conta, non só a competencia curricular, isto é, que o/a alumno/a teña superados os obxectivos establecidos para un curso determinado, se non tamén, se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal (madureza persoal, integración social...).

Esta medida ofrece dúas posibilidades: anticipar o inicio das etapas educativas, ou ben, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Tal medida precisa dunha avaliación psicopedagóxica previa e ditame de escolarización, e só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas menos excepcionais, o/a alumno/ presenta unha axeitada madurez emocional e social, e se ademais van acompañadas doutras medidas de atención.

Esta medida está regulada pola Orde do 28 de outubro de 1996.

4.4. Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento

Teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Poden impartirse en 2º e 3º da ESO para alumnado que presente as seguintes circunstancias: Ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

E para incorporarse terá que producirse algunha das seguintes situacións:

1. Alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.
2. Alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.
3. Alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.
4. Con carácter excepcional, alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

4.4.1. Atención educativa hospitalaria e domiciliaria

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo. En todo caso, priorizarase a atención ao alumnado das etapas de ensino obrigatorio.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. A autorización da atención educativa domiciliaria correspóndelle á Administración educativa, de acordo co procedemento que se estableza. A Consellería con competencias en materia de educación determinará os recursos específicos que garantan a continuidade do proceso educativo do alumnado que precise atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, así como os criterios e procedementos para a súa atención e a coordinación interprofesional.

4.4.2. Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal

A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.

4.4.3. Alumnado sometido a medidas de protección e tutela

A consellería con competencias en materia de educación desenvolverá accións de carácter compensatorio destinadas ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela, asegurando o seu acceso e permanencia no sistema educativo. Na súa atención, propiciará a subscrición de convenios de colaboración e protocolos de actuación con outras administracións ou entidades sen ánimo de lucro, co fin de garantir o cumprimento destas medidas. A escolarización do alumnado sometido a medidas de protección e tutela realizarase de conformidade co procedemento establecido con carácter xeral; este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo. A Consellería con competencias en materia de educación garantiralle ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, fillas ou fillos ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar. Cando as medidas de protección e tutela supoñan un cambio de centro escolar, a súa tramitación e resolución levarase a cabo con carácter urgente.

4.4.4. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar

A consellería con competencias en materia de educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, os centros educativos prestarán atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado. Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.

4.4.5. Alumnado pertencente a familias itinerantes

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado. A consellería con competencias en materia de educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe. O cambio, por razóns de itinerancia, dun centro educativo ao outro realizarase segundo o establecido para os traslados de centro, polo que o centro de orixe deberá facilitar ao centro de destino, logo de petición deste, a información pertinente.

4.4.6. Atención educativa a mozas embarazadas

A consellería con competencias en materia de educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade. Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que establece a consellería con competencias en materia de educación. A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

4.4.7. Grupos de adquisición de linguas

Considerarase alumnado obxecto destas medidas aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, trala correspondente avaliación, reúna **algunha das necesidades educativas seguintes**:

1. **Descoñecemento das dúas linguas oficiais** da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
2. **Desfase curricular de dous cursos ou máis**, con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.
3. Presentar graves **dificultades de adaptación ó medio escolar** debido a razóns sociais ou culturais.

Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, **o alumnado incorporárase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.** Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, no último curso da educación infantil. O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 períodos lectivos na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, **este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno/a vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.** Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, **este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística.**

O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico. O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación. A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas. Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

4.4.8. Grupos de adquisición da competencia curricular

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite

a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un **desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade**. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular. Os grupos de adaptación da competencia curricular só se poderán desenvolver no segundo e terceiro ciclo da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria. O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ó mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 10 períodos na educación secundaria obrigatoria. Tendo en conta que a finalidade dos grupos de adaptación da competencia curricular é conseguir que o alumnado poida incorporarse con normalidade ó seu grupo ordinario de referencia, en ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abranguela totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

Na educación secundaria o profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado. O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, **a emisión das cualificacións corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.** Así mesmo, os pais ou persoas responsables do alumno serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Estas actuacións organizaranse dentro do horario xeral do centro, flexibilizando o horario e o agrupamento do alumnado.

Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervéñen no proceso educativo do grupo, clarificando as funcións que corresponden ao titor/a, ao equipo de profesorado e, se é o caso, ao profesorado de apoio. As intervencións específicas, levadas a cabo polo especialista de pedagogía terapéutica, realizaranse naqueles casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contando co informe previo da xefa do departamento de orientación.

O procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será, en liñas xerais, o seguinte:

- Ao remate de cada curso, recabarase información sobre posibles necesidades detectadas nos distintos grupos da ESO, a través de reunións entre a xefatura de estudos, os/as titores/as, e o orientador, analizando a evolución ao longo do curso e os resultados finais.
- Tamén a finais de curso, recabarase información do alumnado de 6ºEP que incorpore ao centro, a través dunha reunión cos/as orientadores/as dos distintos centros adscritos, coa finalidade de prever as necesidades para o curso seguinte, organización de grupos, ou posibles exencións de francés.
- Xa no inicio de curso, tendo en conta a dispoñibilidade de profesorado e material, decidiranse as medidas de atención á diversidade a implementar das propostas ao remate do curso anterior.
- Ao longo do curso, manterase o contacto cos/as titores/as para detectar posibles necesidades a avaliar polo orientador, tanto de alumnado xa escolarizado no centro, como de alumnado que se incorpore dende outros centros ou do estranxeiro.

6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

6.1. Profesorado titor e equipo docente

- Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
- Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.
- Coordinar coa xefa do departamento de orientación a intervención educativa do alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinar co demais profesorado do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.
- Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos e fillas.

6.2. Profesorado de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o/a titor/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.
- Colaborar co profesorado da materia e/ou titor/a na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.
- Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.
- Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

6.3. Persoa que ostenta a xefatura o departamento de orientación

- Participar na avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais, a través do protocolo de derivación; así como realizar o informe psicopedagóxico.
- Diseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Elaborar o correspondente **ditame de escolarización** para aqueles casos onde se requira unha **modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios**.

- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe, e elevar esta proposta á xefatura de estudos.
- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo.

6.4. Equipo directivo

- Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
- Coordinar todas as actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Velar polo cumprimento de tódalas actuacións establecidas neste Plan.

6.4.1. Equipo de orientación específico, servizos sociais e sanitarios, e outros profesionais

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos

7.1. Colaboración interna

Levarase a cabo a través de:

- Reunións dos órganos de goberno
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do departamento de orientación.
- Reunións dos departamentos didácticos.
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e reunións puntuais.

7.2. Colaboración con centros adscritos e outras etapas educativas

- Reunión a final de curso para o intercambio de información relativo a alumnado que se incorpore á secundaria no curso seguinte.
- Establecemento dun procedemento para a exención da 2ª lingua estranxeira.
- Actividades conxuntas para a transición do alumnado da primaria á secundaria (visitas ao centro, charlas, sempre e cando as circunstancias da Covid así o permitan).
- Contacto cos centros que ofrecen outros itinerarios formativos ao remate da secundaria ou bacharelato.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro

A colaboración coas familias debe ser fluída e propiciar unha labor conxunta para o desenvolvemento integral do alumnado. Esta colaboración seguirá as seguintes canles:

- Xornada de acollida a principio de curso, cunha entrevista inicial dos/as titores/as coas familias.
- Entrevistas individuais do/a titor/a coas familias.
- Entrevistas do profesorado de materias concretas coas familias.
- Entrevistas de membros do departamento de orientación coas familias.
- Entrevistas de membros do equipo directivo coas familias.
- Participación no consello escolar.
- Participación na ANPA.

Respecto a servizos externos, como Servizos Sociais do Concello ou o Equipo de Orientación Específico, coordinaranse as actuacións pertinentes co alumnado concreto que requira de atención por parte de calquera deles, a través dos procedementos e canles xa establecidos por estes mesmos organismos.

9. Protocolos para solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

9.1. Adaptación Curricular Significativa

O primeiro paso será realizar unha avaliación psicopedagóxica na que se determine a necesidade da adaptación curricular. A continuación, nunha reunión coordinada pola xefatura de estudos co titor/a, os profesores das materias implicadas e orientador se determinará a pertinencia da AC e os elementos a modificar. Despois, procederase á elaboración do documento de AC que, unha vez elaborado, será remitido pola dirección do centro á inspección para a súa aprobación. Finalmente, o documento e o informe da inspección formará parte do expediente do alumno e será confidencial.

9.2. Agrupamentos flexibles

O equipo de profesores do grupo do alumno/a fará unha proposta razoada a través dun informe do titor/a. A continuación, o titor/a informará aos pais e ao alumno/a. Elaborarase un acta de incorporación da reunión formada pola xefatura de estudos, xefe do departamento de orientación e titores/as do alumno/a proposto/a. Por último, os pais do alumno/a expresará a súa conformidade.

Paralelamente, elaboraranse as programacións didácticas adaptadas polos departamentos didácticos correspondentes, que partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no proxecto curricular do centro e da programación de aula.

Para rematar, a dirección do centro enviará a proposta á inspección educativa para a súa autorización. Esta proposta incluírá a selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado responsable da docencia, áreas nas que se constituirán os agrupamentos específicos e as correspondentes programacións didácticas adaptadas.

9.3. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica/Audición e Linguaxe

- Decisión xustificada da pertinencia do apoio mediante informe do xefe do departamento de orientación.
- Información á familia a través do titor/a.
- Información á xefatura de estudos.

9.4. Flexibilización da duración do período de escolarización

Logo de comezado o curso e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección do centro presentará a solicitude no servizo de inspección educativa para que emita un informe ao respecto. A solicitude levará adxunta a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da medida, elaborado polo departamento de orientación en colaboración co titor/a.
- Conformidade expresa do pai/nai.
- Fotocopia compulsada do expediente académico.
- Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

O servizo de inspección remitirá toda a documentación, xunto co seu informe, á xefatura territorial, que decidirá sobre a autorización.

O prazo para presentar estas solicitudes ao servizo de inspección será ata o 31 de outubro de cada curso académico, e a resolución sobre a autorización será comunicada ao centro no prazo de dez días contados dende o día seguinte ao da súa recepción.

9.5. Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (PMAR)

O procedemento de incorporación a PMAR será o seguinte:

- Proposta razoada do equipo de profesores do grupo do alumno, expresada nun informe individualizado, elaborado polo titor/a, que se remitirá ao departamento de orientación, no que conste a competencia curricular do alumno/a, as súas dificultades de aprendizaxe, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que se considera conveniente que se incorpore ao programa.
- A xefatura do departamento de orientación realizará un informe que inclúa as conclusións da avaliación psicopedagóxica, o resultado da reunión do orientador/a cos pais para formularlles a conveniencia do programa, con constancia escrita da súa opinión.
- Unha comisión formada pola xefatura de estudos, do departamento de orientación e o titor/a valorará os informes emitidos e as opinións do alumno/a e pais, e decidirá sobre a conveniencia da incorporación ao programa.
- Envío, no mes de setembro, da proposta ao servizo provincial de inspección, para a súa autorización.

9.6. Atención domiciliaria ou hospitalaria

- Solicitud dos pais á dirección do centro, acompañada do informe dos servizos médicos no que debe constar a previsión aproximada do tempo de convalecencia e o tempo de revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.
- Elaboración dun informe polo titor/a, no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais, a aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante. No caso de alumnado con NEAE, xuntarase informe psicopedagóxico do orientador.
- Traslado á xefatura territorial dos documentos anteriores por parte da dirección do centro nun máximo de cinco días desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, traslado á inspección educativa dunha copia destes documentos.
- A resolución corresponde á xefatura territorial, previo informe do servizo de inspección, coa concreción da asignación horaria, duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicándose ao centro docente nun máximo de cinco días hábiles dende a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato da resolución á familia.

9.7. Grupos de adquisición de linguas

- Avaliación inicial cun informe sobre a competencia lingüística do alumno/a.
- Informe psicopedagóxico (se procede).
- Proposta de horario de permanencia no grupo.
- Información á familia.
- Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

9.8. Grupos de adaptación da competencia curricular

- Avaliación inicial cun informe sobre a competencia lingüística do alumno/a.
- Informe psicopedagóxico (se procede).
- Proposta de horario de permanencia no grupo.
- Información á familia.
- Solicitud de autorización á inspección por parte da dirección do centro.

9.9. Exención da segunda lingua estranxeira

- Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
- Conformidade escrita do alumno/a e os seus pais.
- Informe do titor/a do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida,
- Co alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
- Autorización da dirección do centro.

10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

Avaliaranse, tanto os resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade, como da concreción do plan.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Adecuación do plan ás necesidades do centro.
- Logros acadados respecto dos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación de servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Así, **ao remate de cada curso, o departamento de orientación elaborará unha memoria do plan xeral de atención á diversidade, establecendo, de selo caso, propostas de mellora**, e que se incorporará á memoria anual do centro.

Para elo, seguirase o seguinte proceso:

- Análise e valoracións a través das reunións entre titores/as e orientador.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na C.C.P.
- Elaboración de conclusións e posibles modificacións ao claustro.

A temporalización da avaliación será continua (ao longo do curso, o equipo directivo e departamento de orientación, farán un seguimento do desenvolvemento do plan, introducindo os axustes necesarios) e final (analizar ao remate do curso a adecuación do plan á realidade do centro, deseñando posibles modificacións).

Para esta avaliación recollerase información a través de reunións con profesorado, titores/as, xefatura de estudos, e co uso de cuestionarios, entrevistas,...

En Ourense, outubro do 2022

Xefa do Departamento de Orientación

Asdo.: Noelia Alén Barja